

Jean-Marie Straub e Danièle Huillet

Facer a revolución é volver poñer no seu sitio cousas moi antigas pero esquecidas

15 sesións – 37 filmes

Do 6 de febreiro ao 27 de agosto no Cinema NUMAX

As horas de cada sesión iranse comunicando en www.numax.org

6 FEBREIRO

Crónica de Anna Magdalena Bach
[Chronik der Anna Magdalena Bach]
(1967, 93 min.)

20 FEBREIRO

Machorka-Muff (1962, 18 min.)
Non reconciliados [Nicht versöhnt]
(1964-65, 55 min.)

13 MARZO

O noivo, a actriz e o chulo
[Der Bräutigam, die Komödiantin und der Zuhälter] (1968, 23 min.)
Othon. Os ollos non queren estar sempre pechados ou Talvez un día Roma se permita decidir por si [Othon. Les yeux ne veulent pas en tout temps se fermer, ou Peut-être qu'un jour Rome se permettra de choisir à son tour] (1969, 88 min.)

27 MARZO

Leccións de historia
[Geschichtsunterricht]
(1972, 85 min.)

10 ABRIL

Introdución a «Música de acompañamento para a escena dun filme» de Arnold Schoenberg [Einleitung]
(1972, 15 min.)
Moisés e Aarón [Moses und Aron]
(1974, 105 min, DCP)

24 ABRIL

Fortini/Cani (1976, 83 min.)
Toda revolución é unha tirada de dados [Toute révolution est un coup de dés] (1977, 10 min.)

8 MAIO

Da nube á resistencia
[Dalla nube alla resistenza]
(1978, 105 min.)

22 MAIO

Cedo de máis, tarde de máis
[Trop tôt, Trop tard]
(1980-81, 100 min.)

4 XUÑO

En rachachânt (1982, 7 min.)
Proposta en catro partes
[Proposta in quattro parti]
(1985, 45 min.)
Pecado negro
[Schwarze Sünde] (1988, 42 min.)

18 XUÑO

A morte de Empédocles
[Der Tod des Empedokles]
(1986, 132 min.)

2 XULLO

Cézanne (1989, 51 min.)
Unha visita ao Louvre
[Une visite au Louvre]
(2004, 48 min.)

16 XULLO

Europa 2005 – 27 outubro
[Europa 2005 - 27 octobre]
(2006, 11 min.)
Joachim Gatti (2009, 2 min.)
Corneille – Brecht
(2009, 21 min.)
O somma luce (2010, 19 min.)
Chacais e árabes
[Schakale und Araber]
(2011, 11 min.)

342

Organizan
NUMAX

Museo Nacional
Centro de Arte
Reina Sofía

Comisarios
Chema González
Manuel Asín

Distribúe
Belva Film

NUMAX

MUSEO NACIONAL
CENTRO DE ARTE
REINA SOFIA



Filmoteca Española

30 XULLO

Encantados [Incantati]
(2002, 6 min.)
Dolando (2002, 7 min.)
Lorena! [Lothringen!]
(1994, 21 min.)
O viaxeiro [Il viandante]
(2001, 5 min.)
O afiador [L'arrotino]
(2001, 7 min.)
O inconsolábel [L'inconsolable]
(2011, 15 min.)
A nai [La madre]
(2012, 20 min.)

13 AGOSTO

Un conto de Michel de Montaigne
[Un conte de Michel de Montaigne]
(2012, 33 min.)
Un herdeiro [Un héritier]
(2011, 22 min.)
A propósito de Venecia
[À propos de Venise
(Geschichtsunterricht)]
(2013, 24 min.)
Diálogo de sombras
[Dialogue d'ombres] (2013, 28 min.)

27 AGOSTO

Comunistas [Kommunisten]
(2014, 70 min.)
A guerra de Alxeria!
[La Guerre d'Algérie!]
(2014, 2 min.)
O acuario e a nación
[L'aquarium et la nation]
(2015, 31min.)

OS OLLOS VERDES

CINEMA
INÉDITO
DE NUMAX

JEAN-MARIE STRAUB E DANIELE HUILLET

Facer a revolución é volver poñer no seu sitio cousas moi antigas pero esquecidas

“O primeiro que debe facer un filme é axudar a ver e ouvir mellor”

Conversa con Jean-Marie Straub e Danièle Huillet

Por Valentín Gómez e Ramón Herrero

Cal credes que é a función específica dun realizador cinematográfico?

Dar a posibilidade ao espectador de se rebelar contra os clixés nos que nos afoga a sociedade na que vivimos. Rebelarse contra os límites que nos impón a sociedade na que os espectadores e todo nós nos atopamos. Límites estéticos, ideolóxicos...

Pero existe unha función específica do cinema? Non creo na especificidade do cinema. Un filme é un obxecto material feito de imaxes e sons... Semella unha tautoloxía pero é así. O primeiro que debe facer un filme é axudar a ver e ouvir mellor. É a partir de aí onde empeza o traballo: hai que facer comprender mellor a realidade visíbel e sonora ao nivel

material da sensibilidade; unicamente desde aí un filme pode chegar a facer *tabula rasa* de todo aquilo que bombardea á xente.

Este primeiro nivel sería propiamente ideolóxico... Si, está claro. Aínda que quizais sexa unicamente un punto de partida, pero é necesario pasar por el. A realidade é material, mesmo a realidade humana. Soñar nun traballo ideolóxico sen ter realizado con anterioridade ese traballo material é unha ilusión, un engaño. A ideoloxía non está nas nubes. Cando un fai obxectos que pretenden ser filmes, a ideoloxía pasar a través da sensibilidade, isto é, a través dos ollos e dos ouvidos.

Un director pode realizar un filme satisfactorio a partir dun guión insuficiente? Existen directores americanos que o teñen feito: Griffith, Ford. Pero que significa satisfactorio? Pódese dicir, por exemplo, que para Brecht o traballo feito antes de rodar con Fritz Lang *Los verdugos también mueren* (1943) non era de abondo; porén para Lang si o era. O resultado é que non é un filme de Brecht, é un filme de Lang, e até certo punto é satisfactorio, suficiente; claro que é limitado mais



JEAN-MARIE STRAUB E DANIELE HUILLET

Facer a revolución é volver poñer no seu sitio cousas moi antigas pero esquecidas



SOBRE AS DIRECTORAS

A parella artística formada por JEAN-MARIE STRAUB (Metz, 1933) e DANIELE HUILLET (París, 1936 - 2006) deu lugar á colaboración máis intensa e desafiante de toda a historia do cinema. Straub e Huillet foron compañeiros inseparábeis desde 1954 até a morte de Huillet, traballando intimamente todos os aspectos da produción dos seus filmes, desde a escrita do guión até a dirección e montaxe.

Straub & Huillet ofrecen interpretacións especialmente persoais e profundas de grandes obras da historia da arte: textos de Böll, Kafka, Duras ou Pavese; poemas de Dante, Mallarmé ou Hölderlin; unha esquecida peza de Corneille, un ensaio de Montaigne, un filme de D.W. Griffith, unha pintura de Cézanne, unha ópera inacabada de Schönberg ou a biografía de Johann Sebastian Bach a través das cartas ficcionadas da súa muller Anna Magdalena. Con este desprazamento cara a outras artes, Straub & Huillet propoñen unha profunda reflexión sobre a historia, a identidade e as fronteiras europeas. Non estamos ante unha pretensión de reconstrución, de reparación, de presentación inxenua da memoria; o fundamental é entender que para Straub e Huillet sempre hai «un olvido na memoria co que o artista, o cineasta, debe saber contar».

Tras o pasamento de Danièle Huillet en 2006, Jean-Marie Straub continuou traballando en solitario e defendendo a súa visión do cinema como ruptura e revelación.

NA LIBRARÍA NUMAX

Jean-Marie Straub y Danièle Huillet.

MNCARS, 2016

Jean-Marie Straub y Danièle Huillet.

Escritos. Intermedio, 2011

Jean-Marie Straub y Danièle Huillet. Vols. 1, 2, 3, 4. Intermedio [DVD]

todos os produtos que facemos son limitados, porque a nosa ideoloxía ten limitacións.

(...) Interésannos os guiños que para nós resultan difíciles. O traballo máis difícil de Brecht, dos que coñecemos, o máis difícil de ler, o que formulaba os maiores problemas, era a novela *Los asuntos del Señor Julio César*, esa é a razón pola que quixemos facer un filme. A traxedia de Corneille que nos parecía máis rica e dialéctica era *Othon*. O último que rodamos, *Moisés e Aarón*, está baseado nunha ópera de Schönberg que descubrimos en Berlín en 1959... Schönberg compuxéraa en 1933 antes de se exiliar nos Estados Unidos. Esta ópera lírica constituía un problema para nós, de aí que quixeramos facer un filme, un filme que fose o resultado do traballo sobre a ópera, sobre os interrogantes que propuña.

As decisións xerais respecto a un filme tomádelas sós ou son o resultado de discusións cun equipo de colaboradores? As discusións, antes, durante e despois tomámolas a dúo, nós os dous, e logo co operador, o técnico de son... aínda que sempre a partir dunha idea absolutamente definida.

E houbo algunha colaboración no plano teórico? Non, crémola posíbel

pero até o de agora non sucedeu. Claro está que se fixeramos un filme sobre un barrio ou determinada fábrica sería distinto, mais nos filmes que vimos realizando, o traballo teórico, ideolóxico, é só un diálogo, ampliado iso si a unha terceira persoa, que pode ser simplemente a realidade ou o texto escrito por Heinrich Böll, a música de J. S. Bach ou a novela de Brecht. O vindeiro filme que queremos facer basearase nun texto de Franco Fortini e non existirá a máis mínima achega teórica pola súa parte, unicamente o seu libro. Se cadra precisamos un proceso dialéctico, facer como Godard-Gorin, e dicir: nós somos o grupo *Mizoguchi*.

Citando a Mizoguchi vénme á mente a pregunta sobre o guión insuficiente, pois considéroo o mellor dos cineastas e conseguiu facer os seus filmes con guiños que, en principio, non lle satisfacían completamente. Porén, conseguiu levar a bo termo uns produtos máis ca satisfactorios, profundamente marxistas. Esta resposta, en calquera caso, está sempre limitada na sociedade capitalista. Coido que é máis fácil facer filmes mesmo baixo un rexime stalinista, aínda que eu non sexa stalinista.

Publicado en Arc Voltaic, verán de 1977

“Sen memoria do pasado non podemos inventar a utopía do futuro”

Jean-Marie Straub, (1993)

O diñeiro e o becerro son as únicas cousas que contan: así temos unha Europa até os Urais ao servizo da ganancia e da chamada economía de mercado, da competencia que produce barbarie; aquela barbarie que difundimos coa lóxica do consumo, volvendo cada día máis pobre o Terceiro Mundo. Destruímos todo, até a nós mesmos. (...) Gañamos a guerra e a Europa que nos queda é a do mercado, tamén chamada «libre economía» e «libre mercado». Porén, na práctica, leva ao oposto da liberdade (...) O diñeiro está por todos lados e loitar contra el é máis difícil ca loitar contra unha ideoloxía. Ao seu xeito díxoo tamén Fortini e volveuno afirmar nun libro recente: «De pequeno medrei no fascismo autoritario e de vello vivo no fascismo democrático».

A utopía comunista é exactamente o que pedía Brecht: o simple é duro de facer. E a única cousa que pode salvar o planeta, como dicía Hölderlin, é o coidado do ser humano. Chegará un día en que teremos destruído o coidado; pero para entón, que será de nós? (...) Ao citar a Hölderlin, quería dicir que a única saída sería a utopía comunista. Pero, quen a quere, posto que os intentos que se fixeron até agora, en vez de ampliála, resolvéronse nunha autocastración? A utopía comunista non é algo onde o home se sofoca a si mesmo imponéndose restricións; pola contra, é un proceso gradual de superación dos límites, porque xamais remata, xamais conclúe. Relendo a Hölderlin podemos ver como se amplia e desenvolve, até transformarse nalgo que pode ser unha esclusa de resistencia: até chegar ao punto en que as persoas poidan vivir xuntas sen ser máis unha ameaza entre si e co medio ambiente.

En 1981, Moravia e eu conversabamos nun coche cando el me dixo: «Straub, sabe que a próxima guerra vai ser no Golfo? Entrevístei a diferentes xenerais da OTAN, alemáns e dos EEUU: están preparando, programando unha guerra co Golfo.» O escándalo reside

en que foi unha guerra programada: Saddam Hussein non constituíu máis ca un pretexto. A prensa alemá falaba do novo Hitler, mentras que o novo Hitler estaba en Washington. Nalquel intre estabamos a traballar sobre a versión de Brecht da *Antígona* de Hölderlin: decatámonos de que o personaxe de Creonte era un retrato de George Bush. Mentres tanto víanse célebres artistas de teatro que se pronunciaban a favor da guerra porque tiñan medo de que lles caese algún mísil na súa propia casa, quizais en París. Para evitar que a algún pequeno idiota lle sucedera isto, matábanse, sen sequera dubidar, miles de persoas no país de Saddam Hussein: unha cousa nunca vista na historia da humanidade. Este era o novo rumbo do mundo baixo George Bush, con trinta e dúas nacións detrás; e transformounos a todos en cómplices e asasinis.

Sen memoria do pasado non podemos inventar a utopía do futuro. Tamén o pasado forma parte da utopía comunista. Se o negamos ou suprimimos non se pode realizar o soño comunista. Se s vietnamitas puideron resistir é porque tiñan unha memoria incríbel, e porque sabían que o que estaba pasando naquel intre xa sucedera, de maneira análoga pero diferente. Xa que os que se ocupa do presente son moitos, por que non ocuparnos do pasado?

Estamos todos sofocados na mediocridade. Véndennos un mundo no que cada día hai que renunciar a un sentimento e dinnos que este é o mellor dos mundos posíbeis. Facer un filme sobre o pasado, en cambio, significa recordar que hai tempo, por exemplo, podíamonos bañar no río. Tamén Marx e Engels ao final da súa vida fixeron estudos sobre a explotación no antigo Exipto, ou entre os asirios, ou sobre épocas nas que non había explotación, retrocedendo cada vez máis na Historia (...).

Recollido de <http://www.elumiere.net>

Tradución ao castelán: Sandra Palermo

Traducións ao galego: Xan Gómez Viñas

OS OLLOS VERDES

● CINEMA INÉDITO DE NUMAX



A asistencia á retrospectiva dedicada a Straub e Huillet computa dentro do ciclo «Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX, no que presentamos en exclusiva filmes que, nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España.

Se estudas na USC, podes obter **1 crédito ECTS** pola asistencia na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en www.numax.org ou en comunicacion@numax.org.

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org